

The background of the slide features a textured, golden-brown surface. In the upper portion, there are faint, stylized hieroglyphs. Below these, a horizontal row of several feet, possibly belonging to a procession of figures, is visible. The overall aesthetic is that of an ancient Egyptian wall painting or relief.

## **7. As primeiras civilizacións urbanas**

# Para comezar

- Sabes que é a pedra de Rosetta e que significou o seu descubrimento?
- Cantos deuses exipcios coñeces? E mesopotámicos?
- Sabes cal foi a primeira faraona de Exipto?
- Cal é a única das sete marabillas do mundo antigo que aínda se conserva en pé?
- Sabes como se realizaba o proceso de momificación?

## Unhas civilizacións enigmáticas

A escritura foi o primeiro paso para o desenvolvemento de culturas que nos deixaron un gran legado non só no eido artístico, senón tamén no científico, no político e no social.

As pirámides de Giza ou a Porta de Ishtar son construcións de gran beleza e monumentalidade que sempre fascinaron á humanidade.

Alexandre Magno, Xulio César ou Napoleón decidiron pasar unha noite encerrados na gran pirámide de Keops, unha experiencia que, segundo eles, cambiou as súas vidas.

Exipto e Mesopotamia foron civilizacións moi avanzadas e cheas de misterios. Imos descubrilos!



---

# O noso proxecto



## O proxecto



Como sabemos, ao longo deste curso, realizamos diferentes actividades vinculadas con outras materias por un nexo común. O vínculo neste terceiro trimestre será o **xogo**.

Aprender é divertido, e nesta ocasión aínda máis. Con este proxecto serás quen de preguntarte e ao mesmo tempo coñecer centos de cousas sobre a historia de Mesopotamia, Exipto, Grecia, Roma e os pobos prerromanos presentes na Península Ibérica.

Neste trimestre terás que elaborar un xogo coñecido pola grande maioría, un **trivial**.

En cada unidade, as tarefas para completar o proxecto serán as seguintes:

- Primeira unidade: realizaremos unha serie de preguntas relacionadas coa civilización mesopotámica e exipcia.
- Segunda unidade: centrarémonos na elaboración de cuestións sobre a civilización grega e o cinema, relacionadas tanto coas primeiras civilizacións como con Roma e Grecia.
- Terceira unidade: interrogaremos os nosos compañeiros con preguntas relacionadas con Roma e os pobos prerromanos.

### Pasos a seguir nesta unidade


1. Formar grupos de seis persoas.
2. Elaborar 20 preguntas sobre a civilización mesopotámica que abran todos os temas tratados na unidade, coas súas respectivas respostas.
3. Idear 20 preguntas tamén coas súas respostas sobre a civilización exipcia.
4. Xa temos as primeiras preguntas; agora é o momento de realizar o taboleiro!



# As primeiras civilizacións

No IV milenio a. C., na zona do **Crecente fértil**, apareceron as primeiras civilizacións urbanas. Tamén son coñecidas co nome de civilizacións fluviais, xa que se situaban ao abeiro de grandes ríos: o Nilo en Exipto, e o Tigris e o Éufrates en Mesopotamia.

Isto debeuse a que os grandes ríos anegaban os vales e co limo fertilizábanse as terras, obtendo así abundantes colleitas que proporcionaban unha maior cantidade de alimentos. Esta mellora nas condicións de vida fixo que se producise un aumento da poboación, que á súa vez, supuxo enormes cambios económicos, sociais e culturais.



# Unha nova economía e unha nova sociedade

Nesta zona do Crescente fértil a xente colleitaba máis do que precisaba, polo que os produtos sobrantes podían venderse. Ademais, como a terra era tan fértil, precisábanse menos mans para a agricultura e a gandaría. Isto provocou o desenvolvemento de oficios especializados, como a cantaría ou a realización de pezas de cerámica.

Todos estes excedentes e os novos produtos artesanais favoreceron o desenvolvemento do **comercio de troco**, no que se intercambiaban uns produtos por outros. Ao mesmo tempo, esta actividade demandaba a existencia dun sistema de transporte eficaz, tanto a través das vías terrestres como das fluviais.

A nova actividade económica supuxo a aparición de novos grupos sociais que xa non precisaban vivir no campo. Nacen así as primeiras **ciudades**.





# As primeiras formas de Estado

Este crecemento económico e social fixo necesario que as cidades se organizasen e, para iso, crearon un **gobierno** e unha **administración**.

Os dirixentes do goberno eran os reis ou faraós que, ademais de posuír o poder executivo, tiñan tamén o lexislativo; é dicir, gobernaban e elaboraban as leis e, en moitas ocasións, atribuíaselles un poder divino.

A cambio de todo este labor esixían aos campesiños, artesáns e comerciantes o pago de tributos, cos que logo construírían obras públicas e pagarían os exércitos.




## Sabías que...?

O **Código de Hammurabi** é o primeiro conxunto de leis da historia. Nel, o rei mesopotámico Hammurabi enumera as 282 leis que, segundo el, recibira do deus Samash para fomentar o benestar entre as xentes.

A maioría das penas que aparecen neste código son multas, aínda que tamén existe a pena de mutilación e ata se recolle un castigo por pena de morte.

Esta estela de diorita de 2,25 metros de altura atópase actualmente no Museo do Louvre.

Nesta [ligazón](#) podes ler os textos do Código de Hammurabi.



# A escritura: o inicio da Historia

A escritura representa un dos maiores logros da humanidade. Naceu arredor do 3500 a. C. en Mesopotamia, e pouco despois, a finais do IV milenio a. C., desenvolveuse en Exipto.

A escritura nace pola necesidade do poder político de levar unha contabilidade, de elaborar leis por escrito ou mesmo para deixar constancia da súa existencia como pobo.

A súa orixe atópase nunhas pequenas fichas de arxila que servían para contabilizar e rexistrar bens.

As escrituras mesopotámica e exipcia eran bastante diferentes:



1. Xeroglíficos exipcios; 2. Escritura cuneiforme.

En Mesopotamia deuse un tipo de escritura denominado **escritura cuneiforme**, que se realizaba facendo incisións cunha cana afiada en forma de cuña sobre táboas de arxila húmida. Unha vez escritos os caracteres, era necesario poñer as táboas a secar ao sol durante varios días.

En Exipto a escritura é **xeroglífica** e representaba as palabras mediante debuxos de

figuras: símbolos, animais... Os soportes empregados eran o papiro ou a pedra. Para escribir sobre eles servíanse de pinces e tinta ou ciceis e martelos, respectivamente.

A escritura xeroglífica empregaba tres tipos de signos:


- Os **fonogramas**: signos xeróglifos que representaban os sons das consoantes.
- Os **idiogramas**: signos que representaban ideas, palabras.
- Os **determinativos**: símbolos sen valor que daban información adicional sobre o significado do anterior.

Os escritos exipcios podemos comprendelos grazas ao descubrimento da **pedra de Rosetta**, unha estela exipcia realizada con granito negro durante a época de Ptolomeo V. A estela conta con máis dun metro de longo e 72 centímetros de ancho e foi descuberta en 1799, nunha das expedicións de Napoleón Bonaparte ás terras do Nilo.

Contén tres tipos de escrita: xeroglífica, demótica e grego uncial, que lle serviron a Thomas Youbg e Jean-François Champollion, entre outros estudosos da cultura exipcia, para descifrar este tipo de escritura.

Pero a escritura non era algo común, xa que no mundo antigo soamente uns poucos coñecían a técnica. Estas persoas chamábanse **escribas**. Pola súa valía, pertencían ao grupo social dos privilexiados, porque non só escribían, senón que tamén axudaban o monarca nas súas labores de goberno.

Autoría: [Hans Hillewaert](#) / CC-BY-SA-4.0







## Sabías que...?

Xa sabes que Internet é unha ferramenta que encerra cousas moi curiosas. Gustaríache escribir o teu nome en xeroglífico? Empregando as seguintes aplicacións é posible:


- [Aplicación para escribir os nomes en xeroglífico exipcio.](#)
- [O teu nome con xeróglifos.](#)

# Actividades

1. Imprime o seguinte mapa e realiza estas actividades:

- Colorea de azul os principais ríos que deron orixe ás primeiras civilizacións. Escribe tamén o seu nome.
- Sitúa no mapa as seguintes unidades de relevo: montes Zagros, montes Tauro, deserto de Siria, deserto de Libia e deserto de Arabia.
- Localiza o mar Mediterráneo, o mar Vermello, o mar Negro e o golfo Pérsico.
- Coloca no mapa as seguintes cidades: Nínive, Assur, Babilonia, Ur, Mari, Susa, Menfis, Tebas, Biblos.

2. Sinala as principais diferenzas entre a escritura cuneiforme e a xeroglífica. Fixa a túa atención no tipo de escritura, no soporte e nos instrumentos empregados na súa realización.



3. Elixe a resposta axeitada.

- a. A escritura naceu en...  .
- b. A escritura naceu...  .
- c. A primeira forma de escritura que se deu en Mesopotamia foi...  .

4. Elixé a resposta axeitada.

1. O soporte da escritura cuneiforme...  .
2. Un dos soportes da escritura xeroglífica...  .

5. Ordena os seguintes acontecementos.

- \_\_\_\_\_ Desenvolvemento do comercio.
- \_\_\_\_\_ Creación de redes de transporte terrestre e fluvial.
- \_\_\_\_\_ Os ríos anegan e fertilizan as terras.
- \_\_\_\_\_ Asentamento en cidades.
- \_\_\_\_\_ Abundantes colleitas.
- \_\_\_\_\_ Aparición dos oficios.
- \_\_\_\_\_ Aumento da poboación.
- \_\_\_\_\_ Nacemento de novos grupos sociais.

---


# Mesopotamia: a terra entre ríos

## Unha terra entre ríos

Mesopotamia é o nome que recibe a rexión de Próximo Oriente situada entre os ríos Tigris e Éufrates. Era unha zona moi fértil debido ás inundacións que provocaban estes ríos e que deixaban un limo moi beneficioso para a agricultura. Ubicábase nun enclave privilexiado que lle permitía o comercio con Asia Menor, o mar Mediterráneo e Siria.

Mesopotamia, dacordo cos pobos que a dominaron, dividiuse en tres reinos: **Asiria**, ao norte; **Acad**, no centro e **Sumer**, no Sur.

Os habitantes de Sumer, os sumerios, foron os que crearon as primeiras cidades ou estados independentes (Ur, Uruk, Lagash, etc.) no IV milenio a. C. As cidades estaban completamente amuralladas e no seu centro estaba o templo, controlado polos sacerdotes que tamén tiñan un gran poder político, económico e militar. Estas primeiras cidades-estado eran gobernadas polo Ensi ou Lagal, un dirixente con amplias atribucións militares.





# Os primeiros imperios

Entre os milenios III e I a. C., Mesopotamia foi dominada por varios pobos que configuraron os grandes Imperios:

## Imperio acadio (2334 - 2193 a. C.)

A comezos do III milenio a. C. o rei **Sargón I** organizou un exército e rematou coa superioridade sumeria, ocupou as cidades da Baixa Mesopotamia e creou o reino de Acad. A lingua oficial do estado foi o acadio.

## Imperio babilonio e asirio (1729 - 593 a. C.)

Cara ao 1900 a. C., varios pobos nómades conquistaron Mesopotamia. Pero a cidade-estado de Babilonia unificounos, fundando o Primeiro Imperio Babilónico. Nesta etapa, un dos gobernantes máis importantes foi o **rei Hammurabi**, quen redactou o primeiro código legal, que xa coñeces. Este monarca tamén mellorou as infraestruturas, redeseñando as vías terrestres e construíndo innovadoras canles de regadío. Cara ao 1300 a. C. foron conquistados polos asirios, que converteron Nínive na principal cidade do Imperio. Posteriormente, Babilonia retomaría o poder creando o imperio Neobabilónico no ano 625 a. C. Entre os gobernantes deste período destacou especialmente **Nabucodonosor II**, quen estendeu o Imperio ata o golfo Pérsico e o mar Vermello.

## Imperio persa (539 - 331 a. C.)

A finais do século VI a. C. o rei persa **Ciro II** conquistou Babilonia. Baixo o seu dominio, a rexión mesopotámica dividiuse en dúas provincias ou satrapías (Assur e Babilonia), que abarcaban desde o mar Mediterráneo ata o río Indo.

O Imperio persa perdurou ata ser conquistado polo grego **Alexandre Magno** no século IV a. C.

# A vida en Mesopotamia

## A actividade económica

En Mesopotamia a actividade económica principal era a **agricultura**. A súa expansión debeuse á construción de canles de regadío, capaces de facer chegar aos campos a auga dos ríos. Esta fertilidade supoñía a obtención de abundantes colleitas.

A actividade agraria complementábase coa **gandaría**, fundamentalmente de ovellas, vacas, cabras e asnos.

A **artesanía** tamén acadou un importante desenvolvemento. Traballouse a la das ovellas para a confección de roupas, o barro para crear recipientes nos que gardar alimentos e os metais para a fabricación de armas.

Pola súa banda, o **comercio** era de troco: os habitantes de Mesopotamia adquirían noutras rexións produtos dos que carecían, como por exemplo ouro de Exipto, cobre de Anatolia e pedra de Persia. Todas estas materias intercambiábanas por produtos agrarios e gandeiros, como os cereais e a la. Aínda que a base do comercio era o troco, xa neste momento aparecen as primeiras moedas.

## A organización social

A sociedade mesopotámica estaba dirixida polo **rei**, quen exercía todos os poderes e era considerado como o representante dos deuses, aínda que non como un deles. A sociedade mesopotámica estaba fortemente xerarquizada e organizábase do seguinte xeito:

- O **grupo privilexiado** estaba formado polos sacerdotes, os nobres e os altos funcionarios.
- Os **grupos intermedios** estaban formados por escribas, comerciantes e os artesáns máis adinerados.
- A **base social** conformábase dous grandes grupos: un primeiro, ao que pertencían os campesiños, gandeiros, artesáns e soldados, e un segundo grupo, no que estarían os escravos. As diferenzas entre os dous eran moi notables, xa que os escravos non eran libres.



## Sabías que...?

Os Xardíns Colgantes de Babilonia son unha das sete marabillas do mundo antigo descritas na obra do viaxeiro Filón de Bizancio (280 - 220 a. C). Dise, entre outras teorías, que foron construídos por Nabucodonosor II como agasallo á súa esposa no século VI a. C.





### *Xardíns colgantes de Babilonia, Martin Heemskerck (s. XVI)*


Realmente non temos probas que demostren a súa existencia. Esta dúbida é razoable, porque naqueles tempos a cidade atopábase en ruínas, tras a conquista e incendio causado por Evemero co fin de conquistar Babilonia no ano 125 a. C.

Porén, a citada descrición afirma que se trataba dunha construción formada por terrazas de pedra escalonadas, con árbores e flores de todas as partes do mundo en cada chanzo. Parece ser que toda esta vexetación irrigábase cunha especie de noria hidráulica que transportaba a auga dende o pozo do Palacio Sur, do que si se atoparon restos.

Se queres facerte unha idea do seu posible aspecto mira o seguinte [vídeo](#).

# Actividades

1. Elabora un eixo cronolóxico no que recollas as etapas e imperios máis importantes da civilización mesopotámica.
2. A sociedade mesopotámica estaba fortemente xerarquizada. Ordena nesta pirámide a distribución dos seus grupos sociais.




1.  ▼
2.  ▼
3.  ▼
4.  ▼
5.  ▼
6.  ▼

3. **Amplía os teus coñecementos.** Cal crees que era o papel exercido polas mulleres en Mesopotamia? Pensas que gozaban dos mesmos dereitos que os homes?

Indaga sobre este tema e elabora unha pequena redacción na que recollas o papel da muller mesopotámica. As seguintes ligazóns axudarante:

- Sobre as mulleres en Mesopotamia.
- Os dereitos da muller no Código de Hammurabi.



4. Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. Mesopotamia dividiuse en tres reinos: Lagash, Asiria e Sumer.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- b. As cidades mesopotámicas estaban gobernadas por un faraón.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- c. Sagón I foi o creador do reino babilónico.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- d. Nabucodonosor II foi o rei encargado de darlle de novo esplendor ao imperio babilónico.



☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- e. A división do Imperio babilónico en dúas satrapías (Assur e Babilonia) foi obra de Ciro II.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- f. Alexandre Magno rematou co Imperio persa durante o século IV.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

# Cultura e arte mesopotámica

## O desenvolvemento cultural

A cultura mesopotámica foi moi rica en diversos ámbitos. Non só destacou pola súa innovación nas artes plásticas, senón que cultivou con grande éxito outros campos do saber como a literatura ou a ciencia.

A aparición da escritura permitiu o nacemento das **primeiras obras literarias**, como o *Poema de Gilgamesh*, no que se narran as fazañas deste monarca sumerio. Estas e outras representacións culturais gardábanse nas bibliotecas de templos e pazos.

A civilización mesopotámica fixo grandes achádegos no eido da **medicina**: elaboraron novos medicamentos e tratamentos que foron recollidos nunha especie de manuais. Ademais, tiñan grandes coñecementos en cosmética e eran excelentes perfumistas.

Tamén crearon un **calendario**, debido á necesidade de regular as diversas actividades laborais. Contaba con 12 meses luares de 29 ou 30 días e, cada seis anos, engadíase un novo mes.

Os mesopotámicos déronlle impulso ás **matemáticas**, pero aínda de maneira moi limitada polo descoñecemento do número 0. Os seus **descubrimentos astronómicos** foron sorprendentes.

A invención dos cravos e dos ladrillos posibilitou a construción de novidosos elementos arquitectónicos, como as columnas, os arcos, as bóvedas ou as cúpulas.

# Unha relixión politeísta

A civilización mesopotámica era **politeísta**, adoraba a moitos deuses que se manifestaban a través dos fenómenos da natureza. Os máis importantes eran Marduk (deus da creación), Enlil (deus do aire), Enki (deus da sabedoría), Shamas (deus do Sol) e Ishtar (deusa do amor e da fecundidade). O seu poder era sobrenatural e ilimitado, e os humanos tiñan a misión de ser os seus servidores.

O culto aos deuses realizábase nun templo e os encargados de dirixilo eran os sacerdotes.

Eles coidaban das estatuas como se de seres vivos se tratara: alimentábanas, aseábanas e vestíanas. O templo era considerado como a casa do deus, por iso os monarcas dedicaban grandes esforzos ao mantemento, coidado e embelecemento destas construcións.



## A arte mesopotámica

As achegas artísticas máis representativas en Mesopotamia son a **arquitectura** e a **escultura**:

### A arquitectura

- Os **cigurats**: estas construcións eran edificios en forma de montaña ou torre graduada, realizados coa finalidade de comunicarse cos deuses. Na súa parte superior contiñan santuarios e observatorios astronómicos. Algúns dos cigurats máis representativos son o Templo branco de Uruk, na antiga Sumeria; o cigurat de Marduk, en Babilonia;

e o cigurat de Ur, situado en Irak.

- Os templos: inicialmente eran edificios con funcións políticas, económicas e relixiosas, pero co paso do tempo centraron a súa función neste último aspecto. Coñecemos pouco destas edificacións porque apenas se conservan. Os templos de Eridu, de Gawra e o de Uruk presentaban unha planta rectangular, ao igual que o de Tutub, ao que se lle unía un amurallamento dobre. Hoxe só conservamos restos da torre escalonada do templo de Ur.



Porta de Ishtar, acceso ao templo de Marduk, en Babilonia.

- Os palacios: estas edificacións eran a residencia do Lagal e, por tanto, edificios con funcións administrativo-políticas. Tratábase do complemento necesario ao templo: sen ambas edificacións era imposible concibir a cidade. Estaban realizados con materiais pobres e os máis importantes son os de: Eridu, Kish, Tell Branl, Ur e Mari.



Reconstrucción arqueológica del siglo XIX sobre el posible aspecto de una sala del palacio de Nínive.

# A escultura

Este é un dos eidos artísticos máis característicos da cultura mesopotámica.

As **estatuas** representaban os deuses e gobernantes, tal é o caso da escultura de Gudea de Lagash (2120 a. C.). Elaboráronse tamén pequenas estatuíñas de **orantes**, homes e mulleres en actitude de sumisión ante os deuses. Tratábase de esculturas de bulto redondo; é dicir, talladas tanto por diante como por detrás. Unha das máis representativas é a estatua de Aurnasirpal.

Para decorar os muros ou portas dos templos empregáronse os **relevos**, que normalmente representaban figuras de reis e raíñas ou de animais monstruosos. En relevo tamén elaboraron **estelas** que esculpían escenas de vitorias militares ou cazarías.

No seguinte grupo de imaxes podes ver:

- A. A estela de Ur-Nammu ou a cazaría de Aurnasirpal (Aurnasirpal II, 860 a. C.) situada nun palacio de Nimrud, Nínive.
- B. Unha pequena escultura dun touro. Trátase dunha escultura en metal.
- C. A escultura sedente do Príncipe de Gudea.
- D. A escultura dun sacerdote.
- E. A escultura do emperador Salmáneser III.

Autoría: [Ealdgyth](#)





Baixo relevo con guerreiros





Escultura dun touro



Escultura de Gudea

Autoría: D. [Makthorpe](#); E. [Bjørn Christian Tørrissen](#)



Escultura do emperador Shalmaneser III

## A pintura

A pintura mesopotámica realizábase no interior dos templos e nos palacios. Presenta, polo tanto, unha temática relixiosa e mitolóxica. Algúns exemplos destacados son os que se mostran na porta de Ishtar en Babilonia (A), caracterizada pola súa grande variedade cromática, ou o estandarte de Ur (B).

Autoría: [Vissarion](#)





Elementos pictóricos da Porta de Ishtar



Estandarte- Ur

## Actividades

1. Observa e analiza a escultura de Gudea. Logo debes cubrir a seguinte ficha:

1. Descrición técnica

- Material:
- Tipo de escultura:
- Forma:
- Movemento:
- Expresividade:



## 2. Contextualización

- Época:
- Temática:
- Contexto da época:

## 2. Sinala se as seguintes afirmacións sobre os mesopotámicos son verdadeiras ou falsas.

a. Eran politeístas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

---

b. Coñecían o número 0.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

---

c. Eran grandes perfumistas.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso
-

- d. Os sacerdotes cuidaban das estatuas dos deuses como se fosen persoas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- e. Os templos e palacios eran realizados con materiais luxosos e os elementos construtivos eran o arco e columna.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

# Exipto: o país do Nilo


## Terras do Nilo

Exipto sitúase ao nordés do continente africano e está percorrido de sur a norte polo Nilo, un río decisivo no desenvolvemento desta civilización. O deserto esténdese por grande parte do país, por iso a maioría da xente vivía nas beiras deste río, unhas zonas moi fértiles polo limo depositado (as chamadas terras negras). O Nilo tamén era unha importante vía de comunicación e comercio, ademais dunha excelente defensa natural.

A vida dos exipcios estaba regulada polo río, xa que del dependía a supervivencia da zona. A agricultura, a política, a relixión ou a economía estaban condicionadas polo seu caudal, que alcanzaba o seu máximo nivel durante os meses de xuño a setembro.

O país dividíase en:

- **Baixo Exipto**, ao norte. As súas terras eran moi fértiles porque estaban bañadas polo delta do río Nilo.
- **Alto Exipto**, ao sur. Son territorios áridos e só permitían a vida nas proximidades do río.



# Os imperios exipcios

A historia antiga de Exipto divídese en catro imperios que presentan características políticas comúns. O máximo dirixente do país era o faraón, que concentraba nas súas mans o poder político, militar e relixioso. Na súa tarefa de goberno estaba apoiado por un exército e polos gobernadores das diferentes provincias.

## Imperio antigo (2700 - 2200 a. C.)

Tratouse dun período de estabilidade política e prosperidade económica. Podería dicirse que foi a etapa de maior esplendor en Exipto. A súa capital estableceuse en Menfis. Nesta época construíronse en Gizeh as pirámides de Keops, Kefrén e Micerinos, en honor aos faraóns máis destacados do momento.

## Imperio medio (2052 - 1786 a. C.)

Logo dun período intermedio de crise causado por varias guerras, comezou o Imperio medio. A súa capital instalouse en Tebas. Foi un período turbulento de guerras e invasións; de feito, esta etapa rematou co ataque dos hicsos, procedentes de Mesopotamia. Conseguiuse unha importante expansión territorial cara ao sur.

## Imperio novo (1567 - 1085 a. C.)

Antes de iniciarse o Imperio novo tivo lugar unha nova e conflitiva etapa. A capital mantívose en Tebas durante un tempo, para logo trasladarse a Tell el-Amarna. Durante este período produciuse a expansión territorial de Ramsés II. Por outra banda, Amenofis IV proclamou unha nova relixión baseada no culto a un único deus: Atón. Outro famoso faraón desta época foi Tutankamon.

## Época tardía (1085 - 30 a. C.)

Esta época supón a decadencia de Exipto a mans de pobos estranxeiros. Primeiro converteuse nunha provincia persa, e logo nunha grega, para finalmente pasar a formar parte do Imperio romano. A súa capital estableceuse en Alexandría.



# A vida en Exipto

## A actividade económica

A **agricultura** era a principal actividade económica en Exipto. Os produtos máis cotizados eran a cebada, para elaborar pan e cervexa, e o liño, para a fabricación de tecidos. Tamén foi importante a **cría de gando**, especialmente o bovino, aínda que tamén se criaban porcos, ovellas, cabras ou ocas.

A **actividade artesanal** era moi variada; realizábase en pequenos obradoiros domésticos nos que se producían tecidos, cerámica e ourivaría.

O Nilo era a principal vía de comunicación pola que practicaban o **comercio** interior, mentres que para comerciar con outros países escollían o mar Mediterráneo.

A maioría das casas eran construídas con adobe e tiñan un mobiliario escaso. A súa decoración e distribución espacial dependía da riqueza do propietario.

## A organización social

Ao igual que a maioría das sociedades antigas, a sociedade exipcia estaba moi xerarquizada.


A minoría privilexiada estaba composta por:

- O **faraón**, que era ao mesmo tempo un rei e un deus. O seu poder era absoluto e ocupaba o cume da pirámide social.
- Os **nobres**, que eran aquelas persoas que posuían grandes cantidades de terra e ocupaban os postos máis altos na administración do Estado. Eran persoas moi próximas ao faraón.
- Os **sacerdotes**, que eran os encargados do culto aos deuses, pero tamén tiñan enormes propiedades e moita influencia no goberno.
- Os **escribas**, que eran os funcionarios ocupados en redactar documentos oficiais e levar as contas do Imperio. Contaban con moito prestixio social, porque poucas persoas sabían ler e escribir.

A maioría non privilexiada estaba composta por:

- Os **artesáns, comerciantes e campesiños**, que se dedicaban a oficios manuais, ao comercio ou ao traballo na terra.

- Os **escravos**, que eran o último elo da sociedade; traballaban no servizo doméstico, nas minas ou nos campos. Non eran libres porque foran capturados nas guerras. Tamén puideron chegar a esta situación polo impago de débedas contraídas.



## Sabías que...?

As mulleres en Exipto tiñan maior liberdade e consideración que noutras civilizacións. Posuían os mesmos dereitos ante a lei que os homes e, incluso unha vez casadas, podían rexentar o seu propio negocio, algo impensable noutras culturas da época.

Moitas delas ocuparon na administración postos moi importantes, como por exemplo os de escriba. Algunhas incluso gobernaron e dirixiron o país, tal é o caso de Hatshepsut, Tausert ou Cleopatra, que chegaron a converterse en faraonas exipcias.



Muller exipcia participando da labranza.

## Actividades

1. Elabora un eixo cronolóxico no que recollas as principais etapas nas que se divide o Antigo Exipto.
2. **Amplía os teus coñecementos.** Elabora unha breve redacción na que

expliques como era a familia en Exipto. As seguintes ligazóns poden axudarte:

- [A familia no Antigo Exipto.](#)
- [A familia exipcia.](#)

**3.** Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- a. O poder do faraón era absoluto, incluso era considerado como un deus.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- b. Os sacerdotes eran os encargados do culto aos deuses, pero ao mesmo tempo, tiñan funcións político-administrativas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- c. Os nobres eran poderosos pola gran cantidade de terras que tiñan; por isto, eran considerados un perigo polo faraón, xa que non o apoiaban.

☐ Verdadeiro

☐ Falso



- 
- d. Os escribas eran funcionarios que pertencían aos grupos non privilexiados da sociedade exipcia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- e. Chegábase a ser escravo por herdanza, por captura de guerra ou por impago de débedas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso



# Cultura e arte exipcia

## O desenvolvemento cultural

A escritura foi a grande impulsora da cultura exipcia. A maioría dos **textos escritos** conservados son de carácter relixioso, como por exemplo *O Libro dos Mortos*, aínda que en menor medida, tamén chegaron ata os nosos días outros textos de carácter literario, como é o caso de *A historia de Sinuhé*. Todos eles atópanse escritos en papiro.

Os exipcios tiñan amplos coñecementos **matemáticos**. Realizaban complexas operacións de cálculo, como as das áreas e volumes das figuras piramidais. A mellor proba das súas destrezas neste eido científico obtémolas observando as súas construcións arquitectónicas, que non deixan de abraiarnos pola súa dimensionalidade e proporcionalidade.

Lograron grandes avances no estudo da **astronomía** para predecir as inundacións do Nilo. Para este labor inventaron o calendario solar.

Os exipcios tamén melloraron a **medicina**, practicando complexas cirurxías e desenvolvendo un método de **conservación dos cadáveres**: o embalsamamento.



## Sabías que...?

As clases altas de Exipto contaban cunha especie de ducha formada por pequenos cestos cheos de auga e derramados polos criados; outros contaban con bañeiras, pero a grande maioría do pobo bañábase nas beiras do Nilo.

Os antigos exipcios tamén empregaban cremas limpadoras a base de aceites vexetais ou animais, mesturadas con xeso ou po de pedra caliza; mel e graxas animais, para hidratarse; substancias para dar cor á pel e incluso cremas anti-engurras realizadas con sementes naturais. Os exipcios xa se maquillaban e non só era unha cuestión estética, senón que os produtos empregados axudábanlles a protexer os ollos.

Unha das partes do corpo máis importantes para os exipcios era o pelo; por iso, empregaban perrucas, tinguíano e trataban a súa caída con aceite de ricino. É máis, xa coñecían e practicaban a depilación corporal, a manicura e a pedicura.

## Unha relixión politeísta

Os exipcios practicaban unha relixión politeísta, na que os seus deuses tiñan forma tanto humana como animal. Cada cidade tiña as súas propias divindades; porén, había algúns deuses que eran venerados en todo Exipto. Tal é o caso de Ra (deus do Sol, representado por unha cabeza de falcón), Osiris (deus dos mortos), Isis (deusa da fertilidade), Horus (deus da guerra que se representa a través da figura do faraón na terra) e Anubis (deus do inferno, representado por unha cabeza de can). Ademais dos deuses venerábanse divindades familiares.

O lugar para exercer o culto era o templo e da súa custodia encargábanse os sacerdotes que realizaban sacrificios, cerimoniais e ofrendas.

Os exipcios crían na vida tras a morte: para que a alma (*ka*) pasase ao outro mundo, o

corpo debía permanecer intacto, de ahí que ideasen o sistema de momificación. Unha vez que a alma alcanzaba o ceo era sometida ao xuízo de Osiris: se o seu veredicto era positivo, a alma podería vivir eternamente nun paraíso (o *Aaru*); en caso contrario, o condenado era arroxado a Ammyt (un horrible ser con cabeza de cocodrilo, torso de león e pernas de hipopótamo).



*Libro dos mortos.*

## A arte en Exipto

### A arquitectura

En Exipto desenvolvéronse amplamente tres formas de arte: a arquitectura, a escultura e a pintura.

Era **arquitrabada**, sen arcos nin bóvedas, polo que os elementos construtivos predominantes eran os muros e as columnas. Os edificios principais foron:

- Os **templos**: grandes construcións monumentais de pedra, dedicadas aos deuses e nas que vivían os sacerdotes. O acceso ao templo realizábase a través dunha avenida de esfinges, que conducía ata a porta monumental. Diante da porta colocábanse dous obeliscos e todo o conxunto estaba amurallado.

Xa no interior, accedíase a un patio porticado, unha sala con columnas (hipóstila) e ao final atopábase o santuario, ao que só tiña acceso o faraón e os sacerdotes. O pobo só podía chegar ata o patio durante as procesións e festas, mentres que os nobres podían chegar á sala de columnas.

Algúns dos exemplos máis representativos son o Templo de Abusir, o templo de Amón en Tell el-Amarna, o templo de Karnak, o de Luxor, o de Hatshepsut ou o de Abu Simbel, entre outros.

- As **construcións funerarias**, eran de diversos tipos:
  - As **mastabas**: foron as primeiras tumbas, tiñan pouca altura e forma de pirámide truncada. Destacan a de Meidum e a de Sakkara.
  - As **pirámides**: tumbas realizadas superpoñendo varias mastabas, e elaboradas con grandes bloques de pedra. Construíronse de forma laberíntica para evitar os saqueos e pillaxes. Entre as máis coñecidas están as de Keops, Kefrén e Mikerinos; as tres conforman o complexo funerario de Gizeh.
  - Os **hipoxeos**: lugares de enterramento escavados na rocha. Foron típicos do Imperio novo e construíronse polos faraóns para evitar ser saqueados tras a súa morte. Os hipoxeos máis representativos son os de Beni-Hassan, o do Val dos Reis e o do Val das Raíñas.

No seguinte grupo de imaxes podes ver:

- A. Pirámide de Giza.
- B. Mastaba ou pirámide de Zoser.
- C. Hipoxeo de Tausert e Sethnajt, no Val dos Reis.
- D. Templo de Luxor.





Pirámide de Giza





## Mastaba ou pirámide de Zoser e Hipoxeo de Tausert

Autoría D: [Jerzy Strzelecki](#)



## Templo de Luxor

### A escultura

A escultura tiña unha finalidade relixiosa ou funeraria. Representaba deuses, faraóns e personaxes destacados. As figuras son estáticas e ríxidas, cos brazos pegados ao corpo e totalmente inexpresivas.

Os exipcios tamén realizaban relevos en madeira e pedra que decoraban as tumbas e as paredes dos templos.

Nas seguintes imaxes podes ver:

- A. O escriba sentado.

- B. A cabeça de Nefertiti.
- C. A esfínxe do templo de culto do Imperio Novo.
- D. Esculturas na entrada do templo de Abu Simbel, o templo de Ramses II.

Autoría: A. [Guillaume Blanchard](#); B. [Philip Pikart](#)



O escriba e Nefertite.

Autoría: [Francesco Gasparetti](#)



Esfinge de Giza.





## A pintura


A súa finalidade era a de honrar os deuses e os faraóns. Por iso era empregada na decoración dos palacios, nos templos ou nas tumbas. Eran pinturas sen perspectiva, nas que dominaban a frontalidade, a rixidez, a inexpresividade e a idealización do representado.

Nas seguintes imaxes podes ver:

- A. Unha pintura ao fresco que representa unha escena funeraria: persoas levando ofrendas a tumba.
- B. As paredes da tumba de Tutankhamon onde se representa falando con Osiris, deus da morte.
- C. Relevo cromado do Templo de Dendera. Nel mestúrase pintura e escultura de baixo relevo.
- D. Unha escena funeraria mesturada con outras da vida cotiá. Unha vez máis, vemos o deus Osiris.



Pintura ao Fresco. Escena funeraria.





## Paredes da tumba de Tutankhamon.

Autoría: Hajor



## Relevo cromado no templo de Dendera.



Pintura exipcia. Escenas da vida cotiá e da morte.





## Sabías que...?

As pirámides foron construídas por homes libres. A cambio do seu traballo recibían unha paga non en moedas senón en sal, de aí o concepto latino "salario", que aínda empregamos na actualidade. Algúns documentos din que a primeira folga da historia tivo lugar durante a construción da pirámide de Keops, na cal esixían a mellora das condicións laborais.

Os exipcios empregaron grandes bloques de pedra para a construción deste monumento funerario. En Exipto non había pedra, polo que había que transportala dende Etiopía empregando como vía de transporte o río Nilo. Dende o río transportaban as pedras usando unha especie de trineo sobre a area previamente humedecida, o que reducía moitísimo a forza de tiro que había que realizar.



Pirámide de Keops.

# Actividades

1. Completa no teu caderno a seguinte táboa coa información de polo menos cinco deuses ou deusas exipcios, como segue no exemplo.

| Deus/Deusa | Características                | Función                                                                                  |
|------------|--------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------------|
| Ra         | Cabeza de falcón e disco solar | Deus do sol e da orixe da vida. Foi considerado o deus máis importante do Antigo Exipto. |
| ...        | ...                            | ...                                                                                      |

2. Crea unha guía turística onde se inclúan polo menos tres dos principais monumentos de Mesopotamia e tres do Antigo Exipto e sitúaos nun mapa. Non esquezas incluír o nome de cada un dos monumentos, unha breve descrición e algunha imaxe representativa de cada un deles.
3. Observa e analiza a escultura de Gudea. Logo debes cubrir a seguinte ficha:




1. Descrición técnica

- Soporte:
- Técnica:
- Composición ou descrición de como aparecen representadas as figuras no espazo:
- Luz e cor:

2. Contextualización

- Tema e características:
- Contextualización histórica:



4. Elixe a resposta axeitada.

a. Marca cal das seguintes obras non é exipcia.

- ☐ Código de Hammurabi
- ☐ Libro dos Mortos
- ☐ *A historia de Sinuhé*

b. A temática principal dos textos escritos exipcios é...

- ☐ ... relixiosa.
- ☐ ... política.
- ☐ ... literaria.

c. Os exipcios inventaron...



- ☐ ... o calendario solar.
- ☐ ... o calendario lunar.

**5.** Elixe a resposta correcta en cada caso.

a. Os exipcios eran quen de calcular...

- ☐ ... áreas de figuras xeométricas
- ☐ ... perímetros de figuras xeométricas
- ☐ ... ambas respostas son correctas

b. O coñecemento da astronomía foi empregado polos exipcios para...

- ☐ ... coñecer o futuro
- ☐ ... predicir as posibles inundacións do Nilo
- ☐ ... predicir a meteoroloxía

c. A técnica empregada polos exipcios para a conservación dos cadáveres foi...

- ☐ ... o embalsamamento
- ☐ ... os enterramentos en pirámides
- ☐ ... a incineración

**6.** Relaciona cada deus con aquilo que representa.

|        |                       |
|--------|-----------------------|
| Ra     | Deus dos mortos.      |
| Osiris | Deus da guerra.       |
| Isis   | Deus do sol.          |
| Horus  | Deus do inferno.      |
| Anubis | Deusa da fertilidade. |

7. Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

a. Os exipcios eran monoteístas.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

---

b. Os exipcios crían na vida tras a morte.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

---

c. A alma denominábase *ka*.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

---

d. Para que a alma puidese pasar ao outro mundo, o corpo debería estar intacto.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

---

e. O deus encargado do xuízo final era Ra.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

---

f. No xuízo final, se o defunto era absolto pasaba ao paraíso. En

caso contrario, era arroxado a un ser con cabeza de crocodilo, torso de león e pernas de hipopótamo.


☐ Verdadeiro

☐ Falso



# Ao peche


## Que aprendiches?

1. Completa no teu caderno os esquemas seguintes:









## Avalíate

Presentámosche a continuación algunhas actividades para avaliarte. Dispós de tres tentativas para superar cada actividade.

2. Ordena os seguintes acontecementos de máis antigo a máis recente.

\_\_\_\_\_ Nace o imperio neobabilónico. Un dos seus gobernantes máis representativos foi Nabucodonosor II.

\_\_\_\_\_ Créase o reino de Acad por Sagón I.

\_\_\_\_\_ Ciro II conquista Babilonia e divide Mesopotamia en dúas provincias ou satrapías (Assur e Babilonia).

\_\_\_\_\_ O rei babilonio Hammurabi redacta o primeiro código legal coñecido.

\_\_\_\_\_ Remata o Imperio persa a mans de Alexandre Magno.

\_\_\_\_\_ Os asirios conquistan o territorio e converten Nínive na capital do novo imperio.

**3.** Completa o seguinte texto escollendo a resposta axeitada.

Mesopotamia é o nome que recibe a rexión de  situada entre os ríos , unha zona moi fértil debido ás inundacións que sufrían estes ríos. Ubicábase nun enclave privilexiado que favorecía . No seu flanco oeste atopamos  e ao leste atopamos .

Mesopotamia, de acordo cos pobos que a dominaron, dividiuse en tres reinos:  ao norte; , no centro e , ao Sur.

**4.** Completa o seguinte texto escollendo a resposta axeitada.

Egipto sitúase ao  do continente africano, e está percorrido de sur a norte polo río , decisivo no desenvolvemento desta civilización. O deserto  esténdese por gran parte do país, por iso a maioría da xente vivía nas beiras do río, unhas zonas moi fértils polo limo depositado que se denominaban . Este río tamén era unha importante .

O país dividíase en dúas zonas: o  ao norte, cuxas terras eran , a súa capital era  e o , ao sur, onde as terras eran  e a súa capital era .

5. Que pobos destacaron na historia de Mesopotamia durante a Idade Antiga? Marca as respostas correctas.

☐ Sumerios

☐ Asirios

☐ Exipcios

☐ Gregos

☐ Persas

☐ Babilonios

☐ Acadios

6. Relaciona cada acontecemento coa súa etapa correspondente.

Imperio antigo

A capital do imperio era Tebas.

Imperio medio

Tivo lugar a invasión dos hicsos.

Imperio novo

Exipto pasou a ser unha provincia doutros países.

Época tardía

Construción das pirámides de Keops, Kefrén e Micerinos

7. Relaciona cada imaxe co seu concepto.



- A.  ✓
- B.  ✓
- C.  ✓
- D.  ✓
- E.  ✓
- F.  ✓
- G.  ✓

8. Sinala se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

a. Os escravos tiñan dereitos.

- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso



- 
- b. Os nobres, sacerdotes e escribas eran unha clase social privilexiada.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- c. Os exipcios crían nun só deus chamado Ra.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- d. Os exipcios embalsamaban os defuntos para que vivisen eternamente.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- e. No interior das tumbas había tesouros e obxectos persoais dos defuntos.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- f. En Exipto o máximo poder exercíao o rei e en Mesopotamia o faraón.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

- 
- g. Tanto os exipcios como os habitantes de Mesopotamia desenvolveron amplamente a economía, a gandaría, a artesanía e o comercio.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

---

- h. A escritura inventouse ao mesmo tempo en Exipto e en Mesopotamia.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

**9.** Completa o seguinte texto:

A sociedade exipcia era  . Cada poboación adoraba a un deus. Os deuses representábanse mediante figuras  . O culto realizábase  e estaba reservado  . Éstes eran os encargados de facer as ofrendas e coidar aos deuses.

O deus principal do Panteón exipcio foi  . Era o deus da vida, por iso se representaba con  sobre a súa cabeza de  .

Outro deus representativo foi  encargado de xulgar ás persoas tras a súa morte. As persoas eran dirixidas, ao tribunal que as xulgaría, pola deusa Anubis, que presenta unha cara de  .

Entre outras, tamén destaca a figura de Horus, que se manifesta na terra a

través da figura do  .

- 10.** Imaxina que fuches o encargado/a de organizar a nosa viaxe ao lugar de nacemento das primeiras civilizacións. Elixiches visitar determinados monumentos que anotaches no teu caderno. Pero ao chegar a Exipto, un refacho de vento desorganiza todo o material e agora non sabes onde se atopa cada cousa. Pide axuda para volver clasificalos.

Pirámide de Keops, Kefrén e Micerinos

Palacio de Nínive

Porta babilonia de Ishtar

Templo de Amón

Hipoxeo do Val dos Reis

Cigurat de Babilonia

- 11.** Elix a resposta axeitada.

a. O imperio asirio desapareceu e foi substituído polo

b. Para acadar a vida eterna o corpo do defunto debía

c. No antigo Exipto as persoas pertencentes ao grupo social máis baixo eran os  .

d. Os templos mesopotámicos empregan elementos construtivos como  .


e. Os templos exipcios presentan unha arquitectura

f. A capital de Exipto durante o Imperio medio foi  .

g. Un dos seguintes deuses non é mesopotámico:

## Reforza

12. Coloca cada grupo social no seu lugar correspondente.



1 4

2 5

3 6

Artesáns e comerciantes

Faraón

Campesiños

Escribas

Sacerdotes

Escravos

13. Elixe a resposta correcta.

- a. A escritura en Mesopotamia era  .
- b. A escritura en Exipto era  .
- c. Os exipcios e os mesopotámicos eran  .
- d. A civilización mesopotámica desenvolveuse nas ribeiras do  .
- e. A primeira compilación de leis da historia foi  .

**14.** Responde verdadeiro ou falso.

- a. Mesopotamia significa terra entre ríos.
- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

- 
- b. Exipto é unha das dúas grandes civilizacións fluviais.
- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

- 
- c. As sociedades exipcia e mesopotámica eran igualitarias.
- ☐ Verdadeiro
- ☐ Falso

- 
- d. Osiris era un deus mesopotámico.
- ☐ Verdadeiro



☐ Falso

---

e. A técnica exipcia para conservar o corpo dos defuntos recibe o nome de politeísmo.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

---

f. O faraón era ao mesmo tempo rei e deus. O seu poder era absoluto.

☐ Verdadeiro

☐ Falso

**15.** Relaciona os conceptos coa súa definición.

Mastabas

Lugares de enterramento dos faraóns. Tiñan forma triangular e predominaron durante o Imperio medio.

Pirámides

Grandes cámaras funerarias escavadas baixo a terra. Foron creadas durante o Imperio novo para tentar impedir os constantes saqueos das tumbas.

Hipoxeos

Nome que recibían as primeiras tumbas exipcias. A súa altura era escasa.

**16.** Arrastra cada concepto á columna da civilización á que corresponde:

: Escritura xeroglífica, Imperio novo, Ra, pirámides, *Libro dos Mortos*.


: Escritura cuneiforme, Código de Hammurabi, Babilonia, Imperio persa, cigrat.

Civilización mesopotámica

Civilización exipcia

## Amplía

- 17.** Pode parecer increíble, pero en España conservamos restos da civilización exipcia. Vira a túa mirada cara a Madrid e tamén cara aos museos desta capital e elabora a ficha dalgunha destas obras de arte. A ficha debe incorporar o nome do monumento ou obra, a cronoloxía, o contexto da época, a temática, o material e soporte, as cores, se ten movemento...



## Actividade de síntese

- 18.** Propoñémosche agora que interpretes un papel: terás que facer de xornalista que vai ao pasado e fai dúas viaxes: unha, a unha antiga cidade de Mesopotamia, como por exemplo, Damasco; outra, ao antigo Exipto, visitando Tebas.

Imaxina que entras nas cidades e ves os seus habitantes nas rúas, traballando nos seus obradoiros e terras. Ao teu arredor tamén hai numerosos monumentos daquela época.

Fai dúas pequenas crónicas nas que describas en primeira persoa o que ves, as túas impresións. Fala da sociedade, das actividades que desenvolven e da arte.



## Galería de imaxes



Gandería nas primeiras civilizacións





Escena de guerra en Mesopotamia



Arte egipcia





Arquitectura mesopotámica



Escultura mesopotámica





Cigurat



Escultura exipcia



Pirámide de Keops

## Glosario

### Cidade-estado

---

Territorio independente e cunha organización política, económica, social e cultural propia.

### Cigurat

---

Edificio relixioso sumerio e acadio, con forma de torre piramidal escalonada. A súa base era cadrada ou rectangular e na parte superior albergaba o santuario.

### Civilización

---

Nome que recibe unha sociedade complexa, é dicir, aquela que presenta unha

organización política, social, económica, relixiosa e cultural.

## Código de Hammurabi

---

Primeira compilación de leis coñecida da Historia. Recibe este nome porque foi redactada durante o reinado de Hammurabi de Babilonia.

## Crecente fértil

---

Rexión xeográfica na que naceron as primeiras civilizacións, entre elas a exipcia e a mesopotámica.

## Escriba

---

Persoa de clase social alta dedicada á escritura, un labor que poucos dominaban.

## Escritura cuneiforme

---

Tipo de escritura que representa sílabas e palabras a través de caracteres en forma de cuña, realizados sobre táboas de arxila. Orixinaria de Mesopotamia.

## Escritura xeroglífica

---

Tipo de escritura que expresa ideas a través de palabras e signos silábicos en forma de debuxos. Os soportes empregados para este tipo de escritura foron o papiro e a pedra. Orixinaria de Exipto.

## Faraón

---

Máxima autoridade política e relixiosa no antigo Exipto. Os símbolos cos que se representaba eran a coroa, o cetro, a cobra, o látego e a cruz.

## Hipoxeo

---

Tumba escavada nos cantís das beiras do Nilo. Tiña forma de galería subterránea.

## Ideograma

---

Símbolo que representa ideas ou conceptos xerais.

## 'Libro dos Mortos'

---

Documento que contiña os pasos a seguir para axudar os exipcios a superar o xuízo de Osiris tras a morte.

## Mastaba

---

Construción funeraria en forma de pirámide truncada.

## Mitoloxía

---

Conxunto de relatos fabulosos sobre a vida dos deuses ou os heroes. En moitas ocasións foron creados para explicar elementos da realidade cotiá que non eran quen de explicar recorrendo ao pensamento racional.

## Pictograma

---

Sistema de expresión e comunicación escrita que usa imaxes ou símbolos para representar un obxecto ou concepto.

## Pirámide

---

Construción de forma piramidal destinada ao enterramento dos faraóns. Son edificios de pedra con pequenos túneles ou pasadizos que conducen a unha cámara funeraria.

## Politeísmo

---

Crenza na existencia de varios deuses.

## Sacerdotes

---

Persoas dedicadas a render culto aos deuses. Pertencían á alta sociedade e vivían nos templos.

# Ligazóns

## Textos do Código de Hammurabi

<http://www.historiaclasica.com/2007/06/el-codigo-de-hammurabi-leyes-1-50.html>

---

## Traduce o teu nome a escritura xeroglífica

[http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/5\\_aps/esplap09.htm](http://recursos.cnice.mec.es/latingriego/Palladium/5_aps/esplap09.htm)

---

## O teu nome con xeróglifos

<http://egipto.com/museo/alphabet/name.html>

---

## 'Xardíns colgantes de Babilonia'

<https://www.youtube.com/watch?v=2jBINY09KGI>

---

## Sobre as mulleres en Mesopotamia

<http://mujeresiluminandosombras.blogspot.com.es/2007/10/sobre-las-mujeres-en-mesopotamia.html>

---

## Os dereitos da muller no Código de Hammurabi

<http://www.historiaclasica.com/2007/05/el-codigo-de-hammurabi.html>

---

## A familia no Antigo Exipto

<http://nefery.blogspot.com.es/2011/02/la-familia-en-el-antiguo-egipto.html>

---

## A familia exipcia

[http://amigosdelantiguoegipto.com/?page\\_id=8857](http://amigosdelantiguoegipto.com/?page_id=8857)

---

## A momificación

<http://safeshare.tv/v/ss563fc4b17d917>

---



# Créditos

© Netex Knowledge Factory S.A. 2020

Contidos licenciados para o proxecto e-dixgal.

Todos os dereitos reservados. Non está permitida a reprodución total ou parcial desta publicación nin o seu tratamento informático, nin a transmisión de ningunha forma ou por calquera medio, xa sexa electrónico, mecánico, por rexistro ou outros medios, sen o permiso previo e por escrito dos titulares do *copyright*.

Os titulares non se responsabilizan da persistencia ou da exactitude dos enderezos URL dos sitios web de terceiros mencionados nesta publicación, nin garante que estes contidos se manteñan, sexan precisos ou axeitados.

**Autora dos contidos:** Araceli Freire Cedeira.

**Asesora didáctica:** Susana Vázquez Martínez.

Primeira edición: setembro de 2020.

ISBN: 978-84-18513-21-3